



RÚBRICA DE EXPOSICIÓN ORAL DUNHA PRESENTACIÓN

CATEGORÍA	4 Sobresaínte	3 Notable	2 Aprobado	1 Insuficiente
Contido	Nótase un bo dominio do tema, non comete erros, non dubida.	Demostra un bo entendemento das partes do tema. Exposición fluída, comete poucos erros.	Ten que facer algunhas rectificacións, e en ocasións dubida	Rectifica continuamente. O contido é mínimo, non mostra un coñecemento do tema.
Organización da información	A información está ben organizada, de forma clara e lóxica.	A maior parte da información organízase de forma clara e lóxica, aínda que de vez en cando algunha diapositiva está fóra de lugar.	Non existe un plan claro para organizar a información, certa dispersión.	A información aparece dispersa e pouco organizada.
Exposición	Atrae a atención do público e mantén a interese durante toda a exposición.	Interesa bastante en principio pero faise un pouco monótono.	Cústalle conseguir manter a interese do público.	Apenas usa recursos para manter a atención do público.
Expresión oral	Fala claramente durante toda a presentación. A súa pronunciación é correcta. O seu ton de voz é adecuado.	Fala claramente durante a maior parte da presentación. A súa pronunciación é aceptable, pero en ocasións realiza pausas innecesarias. O seu ton de voz é adecuado.	Algunhas veces fala claramente durante a presentación. A súa pronunciación é correcta, pero recorre frecuentemente ao uso de pausas innecesarias. O seu ton de voz non é o adecuado.	Durante a maior parte da presentación non fala claramente. A súa pronunciación é pobre, fai moitas pausas e usa palabras comodín. O seu ton de voz non é adecuado para manter a interese da audiencia.
Linguaxe non verbal	Ten boa postura, e demostra seguridade en sí mesmo durante a presentación. Establece contacto visual con todos os presentes.	Ten boa postura a maior parte do tempo e establece contacto visual con todos os presentes. En ocasións móstrase inseguro.	Algunhas veces ten boa postura e en ocasións establece contacto visual con todos os presentes. Mostra inseguridade.	Ten mala postura e non establece contacto visual cos presentes. Mostra gran inseguridade.



RÚBRICA DE EXPOSICIÓN ORAL DUNHA PRESENTACIÓN

Tempo	Tempo axustado ao previsto, cun final que retoma as ideas principais e redondea a exposición.	Tempo axustado ao previsto, pero cun final precipitado ou alongado por falta de control do tempo.	Tempo non axustado. Exposición excesivamente curta.	Excesivamente longo ou insuficiente para desenvolver correctamente o tema
Soporte	A exposición acompáñase de soportes visuais especialmente atractivos e de moita calidade (imaxes, vídeos,...)	Soportes visuais adecuados e interesantes (imaxes, vídeos,...)	Soporte visuais adecuados pero pouco interesantes (imaxes, vídeos,...)	Soportes visuais inadecuados.
Traballo en equipo	A exposición mostra planificación e traballo de equipo no que todos colaboraron. Todos expoñen e participan activamente.	Todos os membros demostran coñecer a presentación global. Todos expoñen, aínda que hai algunha variación na participación dos diferentes alumnos.	A exposición mostra certa planificación entre os membros. Todos participan, pero non ao mesmo nivel.	Demasiado individualista. Non se ve colaboración. Non todos os membros do equipo expoñen ao mesmo nivel.